

folha
axitativa
de isca!

[contra a hipocrisia españolista]

defender
a lingua
non é
delito!

rebater



con José Manuel Pousada,
vicepresidente de Galicia Bilingüe

con Gloria Lago,
presidenta de Galicia Bilingüe



identificación dun militante de isca!
por parte da policía española

www.iscagz.org
info@iscagz.org



folia
axitativa
de isca!

rebatar

O pasado 9 de febreiro Galicia Bilingüe manifestouse polas rúas de Compostela esixindo políticas que contribúesen aínda máis á desaparición do noso idioma propio. Foi unha marcha que, travestida baixo argumentos pseudodemocráticos, defendía o exterminio do galego, e que como tal foi criticada e respondida por diversos sectores sociais do noso país, comprometidos coa normalización da nosa lingua.

De Isca!, vimos clara a necesidade de non deixar transcurrir esa provocación sen que tivese unha resposta. Ao contrario do que teñen defendido algúns, a pasividade fronte ao medre destes colectivos e a extensión do seu discurso supremacista non é o camiño a seguir. Porén; somos tamén concientes da necesidade do non contribuir -nin directa nin indirectamente- a alimentar o seu discurso vitimista, e facer ficar de novo os agresores como agredidos. É por iso que optamos por vías de denuncia pacíficas, intelixentes e retanqueiras, que puxesen en evidencia a hipocrísia do discurso de Galicia Biligüe e o PP.

Así, varios militantes de Isca! disfrazados de vacas achegáronse a destacados líderes de GB con uns globos de texto coa mensaxe "el gallego es para hablar con las vacas", deixando claro cal é o auténtico destino que esta xente reserva para o noso idioma.

A resposta foi, por previsíbel, nom menos digna de ser denunciada: por un lado, confusión entre manifestantes e policía (detalle abondo ilustrativo), pois aínda houbo quen dubidou sobre o noso papel alí, xa que non todo o mundo tiña claro se eramos "bilinguistas" radicalizados ou estábamos a rirnos deles. Por outro, a máis clásica: intentos de agresión por parte de manifestantes españolistas e represión, o cal deu lugar a imaxes tan cómicas como a de policía antidisturbios armados até os dentes empuxando ou identificando unhas pacíficas vacas.

Logo da acción, tres militantes da nosa organización foron detidos sen motivo aparente, e pasaron mais de 24h nos calabouzos acusados, segundo soubemos despois de "impedir o exercicio dun dereito fundamental" (!).

É por iso que pedimos a solidariedade coa nosa militancia imputada e por suposto co resto de procesados polos acontecementos dese día (que recentemente chegaron ao número total de 18), e chamamos á mocidade galega a seguir denunciando e facendo fronte á hipocrísia das plataformas polo o exterminio da nosa lingua (Galicia Bilingüe) e do seu novo "gobierno amigo" (a Xunta do PP).

A solidariedade e a loita son mais necesarias que nunca!

"o día que saibamos o que vale
unha vaca, Galiza ficará redimida" Castelao

video da acción en www.iscagz.org/vacas

www.iscagz.org
info@iscagz.org



isca!